

REGULAMENTO POLO QUE SE ESTABLECE O RÉXIME DE CAMBIO DE CENTRO EN TITULACIÓNS DE GRAO CO MESMO PLAN DE ESTUDOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobado en Consello de Goberno do 22 de maio de 2019 e modificado en Consello de Goberno do 13 de xaneiro de 2022)

PREÁMBULO

Na Universidade de Vigo impártense titulacións de grao en máis dun centro: Administración e Dirección de Empresas, Dereito, Educación Infantil, Educación Primaria, Enfermaría e Enxeñaría Mecánica.

Nas memorias dos plans de estudos destas titulacións, verificadas pola ANECA, non se ten en conta a posibilidade de que o estudantado desexe cambiar de centro para continuar os mesmos estudos, agás no que se refire ás materias optativas ou obrigatorias de mencións, itinerarios, orientacións ou especialidades, onde di que se poden cambiar de centro para cursar as materias que sexan distintas das ofertadas na súa facultade ou escola.

Por isto, cómpre establecer unha normativa e un procedemento para o alumnado que desexe cambiar de centro para continuar os seus estudos polo mesmo plan, así como para o que desexe cursar unha nova mención noutro centro logo de finalizar estes estudos.

REGULAMENTO

Artigo 1. Obxecto

A presente normativa ten por obxecto regular os cambios de centro de estudantes, entre as titulacións de grao co mesmo plan de estudos que se imparten en máis dun centro da Universidade de Vigo.

Artigo 2. Oferta de prazas

Deberá ofertarse un mínimo dun 5% das prazas de novo ingreso. O número de prazas poderá verse incrementado, en función das posibilidades de organización do centro.

A vicerreitoría competente en ordenación académica solicitará ás facultades e escolas as prazas para cambio de centro para cada curso académico.

Artigo 3. Solicitudes

O alumnado pode solicitar o cambio de centro para continuar o mesmo plan de estudos no prazo previsto na convocatoria de matrícula para estudos de grao do ano académico correspondente.

Artigo 4. Requisitos

O alumnado solicitante deberá estar o ter estado matriculado nunha das seguintes titulacións na Universidade de Vigo:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Dereito
- Grao en Educación Infantil
- Grao en Educación Primaria
- Grao en Enfermería
- Grao en Enxeñaría Mecánica (só dende o CUD ao Campus de Vigo)

O alumnado deberá cumprir coa normativa de permanencia e progreso da Universidade de Vigo. No caso de non poder continuar os mesmos estudos, non poderá solicitar cambio de centro.

Artigo 5. Adxudicación de prazas

Os centros adxudicarán estes cambios aplicando o procedemento para a admisión que teñan establecido, no prazo indicado na convocatoria de matrícula para estudos de grao do ano académico correspondente.

Artigo 6. Admisión

As persoas que soliciten o cambio serán admitidas polo novo centro de acordo co número de prazas ofertadas.

Non se poderá acceder ao mesmo grao en distinto centro mediante ningún tipo de admisión diferente ao de cambio de centro establecido neste regulamento, agás casos de excepcional gravidade.

En caso de que non se obteña a admisión solicitada, o alumnado permanecerá no centro de orixe.

Se algunha persoa resulta admitida a través doutro procedemento, preinscrición pola CIUG ou admisión por recoñecemento de créditos, aplicaráselle o de cambio de centro, previa comunicación á persoa interesada, sempre que haxa prazas vacantes. De non habelas, o Servizo de Xestión de Estudos de Grao tramitará de oficio unha resolución reitoral de anulación de matrícula do novo centro, indicándolle que poderá matricularse no centro de orixe.

Artigo 7. Matrícula

Unha vez notificada a resolución de admisión no novo centro e antes do comenzo do prazo de matrícula, o alumnado deberá responderlle por escrito, indicando se desexa facela efectiva e matricularse no prazo habilitado a tal efecto ou se prefire permanecer no centro de orixe.

O prazo de matrícula será o indicado na convocatoria de matrícula para estudos de grao do ano académico correspondente.

Artigo 8. Expediente

O alumnado terá un só expediente académico, con independencia das veces que se cambie de centro cursando o mesmo plan de estudos, sen necesidade de ter que establecer recoñecementos, xa que as asignaturas son as mesmas (con distinto código), coa excepción das asignaturas que definen as mencións, itinerarios, etc.

Activarase o novo subexpediente e imputaranse nel todas as asignaturas cursadas, as superadas e as pendentes de superar.

Artigo 9. Cambio de centro/traslado.

Unha vez que a persoa seleccionada acredite a admisión no novo centro, este deberá comunicarllo ao centro de orixe.

O centro de destino deberá poñer en estado “activo” o expediente do/a estudante e repetir o acceso no subexpediente novo.

O centro de orixe deberá facer constar no expediente o estado de trasladado.

Se o alumnado se trasladara a outra titulación e/ou universidade, o último centro no que estivo matriculado deberá comunicarlle este traslado ao centro de orixe para que teña constancia deste traslado definitivo.

Artigo 10. Plans conxunto de estudos oficiais (PCEO)

No caso dos PCEO que se impartan en dous centros distintos da Universidade de Vigo, nos que exista unha memoria e un plan de estudos por cada centro, a continuación do mesmo PCEO nun novo centro tramitarase como un traslado.

Artigo 11. Titulados

O alumnado titulado na Universidade de Vigo nun dos graos obxecto deste regulamento, que desexe cursar unha mención nun centro distinto no que se imparte a mesma titulación, deberá solicitar unha praza a través do procedemento indicado nesta normativa.

Nestes casos, cada centro poderá ofertar un límite de prazas para cursar mencións, distinto ao establecido para continuación de estudos, que deberá notificar á vicerreitoría competente en ordenación académica.

A inclusión dunha nova mención no título universitario oficial realizarase na mesma cartulina polo centro de obtención e tramitación do título.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira

Sen prexuízo do establecido nesta normativa, os trámites académico-administrativos relacionados con este estudos regularanse pola convocatoria de matrícula correspondente a cada curso académico e pola normativa académica vixente da Universidade de Vigo que resulte de aplicación.

Corresponderalle á Reitoría, ou vicerreitoría en que delegue, a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdan na aplicación desta normativa.

Segunda

Esta normativa entrará en vigor a partir da súa aprobación en Consello de Goberno, agás o artigo 2 e o parágrafo 2º do artigo 11, que entrarán en vigor o próximo curso, quedando derogada a *Instrucción da Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións pola que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións co mesmo plan de estudos na Universidade de Vigo* de 23 de marzo de 2011.